



LER PARA CRER



O Tribunal Federal Supremo de Alemaña anulou o día 22 de abril de 2005 a sentenza pola que Armin Meiwes, coñecido como “o caníbal de Rotenburgo”, tería que cumprir unha condena de oito anos e medio por devorar e matar a un coñecido seu. Este home xa fora condenado hai uns anos, pero o caso foi revisado a petición súa, do seu avogado e da súa familia.

A Audiencia Provincial de Alemaña non puido xulgar a Armin Meiwes por canibalismo, xa que o canibalismo non está tipificado coma delito en Alemaña. O novo xuízo terá lugar en Francfort, e aínda se descoñece o lugar onde se celebrará.

A fiscalía teme que o caníbal estea na rúa dentro de pouco -nun prazo duns cinco anos- pola súa boa conducta e busque novos obxectivos. Polo tanto, a fiscalía considera a condea insuficiente e solicita que sexa condenado por asasinato, xa que en Alemaña un asasinato está castigado coa cadea perpetua. O seu avogado defensor sostén que se lle debe reducir a condena, xa que o asasinato contou co consentimento da vítima.

Por Internet
Durante o proceso de Meiwes

puídose demostra que o caníbal castrou, decapitou, troceou e comeu partes do corpo de Bernd Jürges Brandes. A súa vítima era un inxeñeiro informático berlinés de tan só 43 anos. Os feitos tiveron lugar ne marzo de 2001.

Esta macabra historia remóntase a finais do verán de 2000, cando Armin Meiwes puxera un anuncio en Internet co seguinte texto: “Busco xoven que queira ser devorado”.



O caníbal, actualmente de 43 anos, invitou á súa vítima a unha mansión do s. XVIII na localidade de Rotenburgo e alí realizou o seu ritual sanguento. O primeiro que fixo foi castralo e despois verdugo e vítima intentaron comer o pene. A vítima botou máis de dez horas desangrándose até que o caníbal se cansou e lle cortou o a gorxa cun coitelo. Acto

seguido, descuartizouno co mesmo coitelo e, por se non fose suficiente, grabou todo cunha cámara de video. Cando rematou co descuartizamento, enterrou algunhas partes do corpo de

Brandes no xardín e outras gardounas no conxelador da súa casa para así comelas pouco a pouco.

Durante o xuízo, Meiwes confesou que mentres vía esas arrepiantes imaxes masturbábase.

Dende os oito anos

Por se a narración do acusado non abundase para impresionar aos presentes na sala, a declaración acompañouse de proxeccións de video, nas que a maior parte dos asistentes tivo que pechar os ollos en varias ocasións. O caníbal non aforrou nin o máis mínimo detalle cun discurso confiado, lúcido e sorrinte. Explicou que sendo un adolescente xa sentía un marcado interese polo canibalismo e cando tiña entre oito e doce anos fantaseaba con comer aos compañeiros de clase que me gustaban. As películas de zombies e as imaxes de matadeiros facían que a súa fantasía se excitase.

O máis curioso de todo é que Meiwes era un home moi estimado no seu traballo e sempre estaba disposto a axudar os seus compañeiros de labor. El máis o seu avogado sosteñen a mesma idea: “Para min non foi un asasinato. Só se pode comer iso en contra da vontade da vítima. Só lle practiquei a eutanasia”

Nota: Segundo declaracións de Meiwes hai cerca dun millar de persoas dispostas a deixarse comer.

Ángel Manuel Carril. B1C